


Castelao | Ficha de busca de información | 1º da ESO | Data: __/__/__

Membros do grupo:

ALGO DE VIDA

1. Algunhas cuestións sobre a vida de Castelao...

- a) Onde naceu?:
- b) Que outros dous escritores contemporáneos de Castelao naceron tamén nesa vila?
- c) A onde emigrou de pequeno, debido a que estaba alí seu pai?:
- d) Que carreira universitaria estudou?:
- e) A que partido político pertencía?:
- f) Que era Castelao cando se aprobou o Estatuto de Autonomía de 1936 (no que, por primeira vez, se declara a oficialidade da lingua galega)?
- g) Co comezo da Guerra Civil en 1936, que tivo que facer Castelao?
- h) Onde e cando morreu?:



ENSAIO

2. Cal é o principal ensaio de Castelao e cal é o seu contido e temática?

TEATRO

3. Como se chama a única peza teatral escrita por Castelao e en que consiste?

NARRATIVA

4. Completade o seguinte cadro sobre as catro obras narrativas de Castelao:

Título da obra	Ano	Tipo de obra narrativa	Temática / características principais
<i>Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete</i>			
<i>Cousas</i>			
<i>Os dous de sempre</i>			
<i>Retrincos</i>			

OBRA GRÁFICA

5. Indicade os títulos das obras gráficas de Castelao que corresponden ás seguintes características:

Características	Títulos
Debuxos que retratan a realidade galega con certo humor (ás veces), reflexión e algo de drama . Feitos da vida cotiá , crítica política , crítica dos caciques, das inxustizas ...	<ul style="list-style-type: none"> • •
Debuxos que retratan os horrores e inxustizas da Guerra Civil . Sufrimento, morte, dor, abusos ...	<ul style="list-style-type: none"> • • •

6. O debuxo que vedes a continuación é un escudo que Castelao deseñou para Galiza. Describídeo e explicade que credes que quere transmitir.



7. Agora pensade, buscade e/ou preguntade e anotade: que hai na vosa localidade ou nas localidades próximas á vosa que leve o nome de Castelao?

Créditos



Imaxe 1. Autocaricatura de Castelao publicada na revista *Galicia* en 1924. Dominio público.



Imaxe 2. Escudo deseñado por Castelao e publicado no nº 6 da revista *Nova Galiza* en xullo de 1937. Dominio público.



“Castelao. Ficha de busca de información. 1º da ESO”, do proxecto cREAgal, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0